



# AUGA PARA A VIDA

**E**n breve presentarase á Axencia Nacional Sócrates a solicitude de renovación do noso proxecto por dous anos de duración.

A primeiros de maio o profesorado do centro, deprazarase a Cornwall (Reino Unido), na 2ª fase de movilidade transnacional, para seguir o desenvolvimento do proxecto, intercambiar materiais elaborados e informar, más tarde, nos respectivos centros.

Actualmente estase a traballar para o 2º e 3º trimestre nos temas que a continuación se citan.

## ESTUDO DO CONSUMO DE AUGA

RESULTADOS DA CANTIDADE MEDIA DE AUGA USADA POR ALUMNO/ DIA (Alumnos: 95 en Pío XII; 12 en Cornwall)

USOS	LITROS USADOS
Bañarse	3.255
Ducharse	2.289
Lavar cara/ mans	700
Lavar dentes	824
Descargar cisterna	4.338
Beber	894
Lavar dentes	12.840
Lavar roupa	925
Regar xardín	2.175
Lavar coche	12.000
MEDIA TOTAL	
> CEIP Pío XII	423,58
> CORNWALL	394,3



## ACTIVIDADES PARA O 2º E 3º TRIMESTRE

- PREVENCIÓN DE INUNDACIONES (3º ciclo)
  - CRECIMIENTO URBANÍSTICO SEN CONTROL.
  - RESPECTO DO MEDIO NATURAL
- SECAS, INCENDIOS (3º ciclo)
  - CAMBIO CLIMÁTICO
- ELIMINACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS (2º ciclo)
  - ESTUDIO NOS RÍOS DA LOCALIDADE
- CALIDADE DA AUGA NOS RÍOS, MARES... (1º e 2º ciclo)
  - CONTAMINACIÓN NOS RÍOS, MARES ...



JULIÁN, ANDER, MIRIAM, LAURA  
6ºB

**B**usca nesta sopa de letras seis lugares nos que hai auga doce.

M	A	N	A	N	T	I	A	L	T
X	R	V	B	C	N	M	X	A	V
X	R	I	O	S	N	M	M	G	G
F	O	N	T	E	S	B	N	O	T
N	I	B	V	C	B	N	M	S	U
P	O	Z	S	F	G	B	N	M	

HENRIQUE GONZÁLEZ. 4ºB

**N**o planeta Terra, supонse que hai 10.000 millóns de km<sup>3</sup> de auga, das que o 93% é dos océanos e un 7% é auga doce da cal o, 0,62% é auga soterrada.

### Augas termais: Balnearios.

Auga termal é a que mana á superficie cunha temperatura de 5°C máis alta que a temperatura media do lugar. O maior esplendor dos balnearios foi a principios do século XX. A evolución do sector termal en Galicia desde 1998 é moi significativa, ocupando o primeiro lugar e concentrando o 16,9% da capacidade hoteleira dos balnearios do Estado. Na nosa comunidade existen balnearios de:

- Talasoterapia: con auga de mar.
- Terma romana: auga a diferentes temperaturas.
- Vaporarium: calor húmedo.
- Nebulizaciones: vapor de auga para inhalar.

Os **tipos de augas** termais máis comúns son: procesos inflamatorios, reumatismos e actualmente en estética.

As aplicacións máis comúns destas augas son: procesos inflamatorios, reumatismos e actualmente en estética. En Galicia atopánsense sete balnearios importantes en Pontevedra, seis en Ourense, catro en Lugo e tres en A Coruña.

**A miña experiencia cos incendios do 2006**



O ano pasado fumé de vacacionás a Rianxo (A Coruña). Ali houbo moitos incendios.

Un dia en fronte da casa onde veraneo, a miña nai viu fume. O meu pai, a miña irmá e mais eu estábamos a dormindo. A miña nai puxo o espertador ás 04:00 da mañá para ver como avanzaba o lume.

Antes de que o seu espertador soase, viñeron os veciños berrando lume!, lume!.

A miña nai veu espertarnos e cando saímos fora había unhas paredes de lume fronte da miña casa de mais de 4 metros de altura e moita xente chorando.

Collemos o coche e fomos cara o centro de Rianxo á casa da miña avoa, unha vez ali, o meu pai volveu para o incendio e axudar ás brigadas de extinción.

Estivemos máis de dúas semanas na casa da miña avoa. O ceo estaba cheo de cinzas e a xente andaba con mascaras. O sol non brillaba.

Ao final volveu a normalidade

## AUGAS MEDICINAIS

### Augas embotelladas

O corpo humano necesita que bebamos dous litros de auga diarios. Consideráronse augas minerais as que posúen un contido anómalo de determinados elementos. Galicia ten una grande variedade de augas minerais.

Entre os tipo de augas embotelladas atopámos a natural, de manantial, artesán, de pozo e con gas. Mais da metade de auga embotellada que se bebe é auga mineral ou de manantial.



## INCENDIOS FORESTAISS



# O VALOR DA PREVENCIÓN

Ntre os días 12 e 26 de febreiro puido verse no patio cuberto do Colexio a exposición itinerante “*Incendios forestais. O valor da prevención*” patrocinada pola Consellería de Medio Rural e pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Así mesmo o alumnado de 5º e 6º traballou a unidade didáctica elaborada para dita exposición.



**E**ste verán case toda Galicia foi presa do lume. Prende o lume nos soutsos, nos bosques e en moitos casos estendeuse ata chegar as casas, poñendo en perigo os fogares de moitas persoas e a súas vidas. Foi unha cousa impresionante! Dende o centro de nosa cidade, Santiago de Compostela, podíase ver como o lume ardía nos montes do redor. Nas noticias viásase unha marea de xente tratando de arredar o lume das casas. Unha cadea humana levaba caldeiros e todo o que valía para transportar a auga, e non daban feito, cada vez vianse as labaradas máis preto das casas. Despois de días de traballo e angustia o lume foi dominándose, pero a terra segue moura e as árbores e as xestas destruídas por mor do lume. Temos que ter conciencia da importancia de coñard a nosa natureza que é o noso futuro e a nosa riqueza, para eso é moi importante amar o noso monte e a nosa vexetación.

O incendio forestal é un lume violento moi grande e descontrolado que queima o que non hai que queimar. Un incendio forestal non é igual que un conato, porque o primeiro queima máis de unha hectárea, mentres que o conato no chega a estenderse máis alá desa cantidade.

A intensidade e propagación do incendio dependen dalgúns factores como:

**CLIMA** (é dicir, o tempo que faga):

- Vento
- Temperatura
- Humidade no ar e no combustible

**TOPOGRAFÍA** (o tipo de terreo):

- Pendente do terreo
- Exposición ó sol.
- Vales

**COMBUSTIBLE** (todo aquilo que arde: pastos, arbóreo, madeira,etc.):

- Cantidad: a maior cantidad, máis intensidade do lume.
- Tamaño: os más pequenos están máis dispostos.
- Compactación: máis compacto menos, o<sub>2</sub>; arde máis lento.
- Densidade da madeira
- Presenza de raíces

Os lumes dos incendios pódense clasificar en varios tipos:

**SUPERFICIAIS**: afectan ós combustibles que están na superficie da terra.

**AÉREOS**: afectan ás copas dos árbores, sen que arda a superficie de terra. Tamén chamados “lume de copa”.

**SUBTERRÁNEOS**: afectan ós combustibles que se atopan por debaixo da superficie. O fogo é lento e difícil de detectar.

É habitual que se diferencie entre os incendios que afectan a zonas de mato e aqueles que queiman zonas arborizadas. Pero en termos ecológicos, un incendio nunha zona de mato non é necesariamente menos grave que outro nunha zona arborizada: moitas áreas de mato presentan un importante interese natural (varios tipos de mato están incluidos na Directiva europea que protexe os hábitats más valiosos a nivel europeo).

As causas que favorecen a aparición e a extensión do lume nos montes son:

**O abandono do medio rural**:

a emigración cara ás grandes cidades industrializadas produciu o chamado exodo rural que trouxo apparellado o abandono do monte.

**A falta de ordenamento e xestión**

**sustentábel** da inmensa maioría da superficie de monte: en Galicia os montes están divididos en partes moi pequenas que, ó non seren rendibles, os propietarios abandonan as terras.

A **elevada combustibilidade** das plantacións forestais de piñeiros e eucaliptos: en moitas zonas de Galicia abandonouse a plantación de especies autóctonas, por outras especies altamente combustibles.

**A cultura do lume**: o lume segue a ser unha importante ferramenta agraria. A queima de pastos é mala pois queima solo. O lume elimina as malas herbas pero tamén a maior parte dos nutrientes que se atopan na materia vexetal do solo.

As **acciones urbanísticas** e de lecer. Pero unha das causas principais da aparición dos incendios forestais é o **ser humano**.

Resulta inédita a extensión e violencia dos incendios forestais desde hai catro décadas. É preocupante que o 90% dos incendios forestais teñan un denominador común: foron provocados polo ser humano. Existen razóns económicas e de conveniencia en moitos casos. Tamén o home provoca incendios sen querelo cando tira lixo no monte, ou fai lume sen ter coidado deste.

As **consecuencias dos incendios** forestais son moitas:

- Por un lado, os efectos ecológicos máis preocupantes dun lume adoitan ser a erosión e a perda de fertilidade do solo que trae un impacto sobre os microorganismos do chan, sobre a vexetación e a fauna.

- Efectos sobre os balances hidrolóxicos, a calidade das augas, así como un importante impacto sobre la atmosfera, xa que o lume transforma moitos componentes beneficiosos para o solo en produtos malos para a mesma, e a paisaxe.

Outro efecto a ter en conta é o impacto económico. Segundo os datos do sector madeireiro o lume consumiu no ano 2005 arredor de 1,6 millóns de metros cúbicos de madeira, isto supón unha perda de 80 millóns de euros.



Ademais temos que agregar o costo de rexeneración da terra o gasto de extinción do lume, etc. E non contamos a desilusión que produce no desexo de seguir investindo diñeiro en algo que non parece seguro.

Pero, que podemos facer ante este problema?

- Necesidade dunha educación ambiental: educar, sensibilizar e divulgar a importancia do monte desde o punto de vista

social, ambiental e económico. A escola pode ser unha boa ferramenta para transmitir a información e educar na loita contra os incendios.

- Limpar os montes: É preciso rozar o mato para reducir o risco de incendios, mais non facelo de forma xeneralizada.

As rozas deben ser selectivas, non afectar a grandes extensións continuas, e centrarse nas áreas con maior risco de lumes. Non se pode ignorar que o mato cumple funcións ecolóxicas importantes: protección do solo fronte á erosión, mantemento da fertilidade do solo, conservación da biodiversidade....

- Ordenación do monte en canto á suá estrutura e usos.

- Reforzar as tarefas de prevención e extinción: poñendo más vixilancia nos montes, poñer freo a los pirómanos.

- Regular as reforestacións: Rexenerar el bosque atlántico (carballo, faia, castiñeiro etc.) seguindo criterios biolóxicos.

## Conclusión

Durante séculos, o monte significou en Galicia unha fonte imprescindible de recursos. Abonda con recordar que foi soporte básico da economía agraria tradicional e que, áinda hoxe, representa os dous tercios do territorio galego. Daquela o lume non era un problema. Pero hoxe todo isto cambiouse, o lume está destruíndo a nosa natureza e provocando efectos negativos sobre o clima. Por iso é importante que empecemos hoxe mesmo a cambiar a nosa forma de ver o monte e coidalo xa que nel atópase a noso futuro.



## TODO O ALUMNADO VISITOU A MOSTRA

Entre o 12 e 26 de febreiro pasaron polo patio cubertoos alumnos e alumnas de primaria, que coa axuda dos seus titores interpretaron as láminas da exposición.



**Comportamento do incendio forestal**

A propagación do incendio depende de moitos unhas factores:

**Clima**

- El tempo que fogal
- + Vento
- + Temperatura
- + Humidade atmosférica

**Topografía**

- El tipo de terreo
- + Pendente
- + Exposición: orientación da sombra
- + Valles...

**Combustible**

equí que son a súa vegetación:

- \* Combustible: matorral, arbustos, cando aparecen socalcos con combustible seco, corta rama, etc.
- \* Vegetación: arbusto, matorral, bosque...
- \* Vegetación arbórea: ralo ou perenne base, ou vegetación arbórea en ralo ou perenne base, ou vegetación arbórea que permanece la copa das árbores.
- \* Vegetación de ribeira
- \* Vegetación de río

**Sabías que...**

O custo de campañas de formación sobre o risco do lume é moi baixa comparado co custo anuals de incendios: dende milles 1.300 millóns por hectárea de lume, mentres que o custo dunha incendio forestal poden alcanzar os 20 millóns por hectárea. Pode parecer que é unha cifra alta, pero é unha cifra que se pode evitar.

**O ser humano: causa principal**

**DANIEL DUQUE**  
6ºA

É preocupante que si 100% das incendios forestais teñen un elemento causante, é o ser humano. A maioría provén de actos intencionados.

Están nasas económicas ou de conveniencia que explican este comportamento.

**A resposta é non**

**Sabías que...**

O lume elimina o matorral existente que, o mesmo tempo que pode permitir o seu regreso, é a semente de incendios. O lume é un factor que contribúe ao aumento da temperatura global.

O lume é un factor que contribúe ao aumento da temperatura global.

## Causas dos incendios:

**O** lume é unha ferramenta empregada polo ser humano de maneira controlada, hai máis de 400.000 anos, para calefacción, cociña, etc. En moitas ocasións o lume descontroláse e fai moito dano. No ano 2005 houbo 12.000 incendios e un total de 58.000 hectáreas queimadas.

Pero qué é un incendio forestal? Un incendio forestal é o lume que se estende sen control sobre terreo forestal, afectando ao combustible se non estaba destinado a arder.

A propagación do incendio depende de cada un dos lados do triángulo:

Clima, Topografía tipo de terreno e combustible. Hai doce modelos de combustible, segundo esteja composto por (pastos finos, mato, arborado máis ou menos denso e máis ou menos inflamábel e restos de madeira máis ou menos pesados).

**Estructurais:** son as reforestacións monótonas con especies altamente combustibles. Hai escaseza de labores de prevención, ausencia de ordenamento dos montes, abandono da terra, etc.

**Inmediatas:** a persistencia de prácticas de queimas incontroladas, limpar o monte para establecer pastos, caza, escorrentar animais salvaxes, vinganza e pirómanos.

As tarefas de extinción teñen que ir encamiñadas a eliminar n ou varios dos componentes do triángulo do lume.

Para evitar os incendios necesitase unha boa prevención dos mesmos, controlar e restrinxir as queimas de restrollos... e que todos nos concienciamos dos beneficios ecológicos do monte e condonemos socialmente a aquelas persoas que provoquen incendios.